



**ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN EXECUTIVA DO CONSELLO SOCIAL  
DO 19.05.2021**

**LUGAR:** Sala I do Edificio Miralles - Campus de Vigo

**DATA:** 19.05.2021

**HORA DE COMEZO:** 12:00 h.

**HORA DE REMATE:** 14:10 h.

**LISTA DE ASISTENTES**

D. Ernesto Pedrosa Silva

D. Manuel Joaquín Reigosa Roger

D. Javier Garrido Valenzuela

D<sup>a</sup> Marta Iglesias Bueno

D<sup>a</sup> Natalia Zunzunegui Garrido

**DESCULPAN ASISTENCIA**

D<sup>a</sup> Ana Isabel Vázquez Reboredo

**NON ASISTEN**

D. Xulio Calviño Rodríguez

Secretario: D. Ignacio Rodríguez Iglesias



O mércores día 19 de maio de 2021, ás 12:00 horas, celebrouse reunión ordinaria da Comisión Executiva do Consello Social da Universidade de Vigo co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

### **ORDE DO DÍA**

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (21.10.2020).
2. Informe do presidente.
3. Informe sobre o nivel de transparencia da UVigo en 2019, e a aportación do Consello Social. Comparescencia do coordinador da Unidade de análises e programas da UVigo.
4. Informe que proceda sobre doazóns bibliográficas á UVigo durante 2020, se houbese.
5. Novo Regulamento dos programas de formación permanente da UVigo.
6. Revisión das taxas da VI edición do curso de formación en "Deseño, programación e administración de bases de datos", aprobado pola COAP o 21.12.2019 e non remitido ao Consello Social.
7. Supervisión, se procede, das taxas dos seguintes cursos:
  - I Curso complementario en "Eficiencia enerxética e enerxías renovables no sector marítimo"
  - I Curso complementario en "New trends in aquaculture research"
  - III Curso de formación en "Data Mining con R"
  - IV Curso de formación en "Advanced Trading"
  - X Curso de formación en "Control estatístico de calidade con R"
  - XVIII Curso de formación en "Introdución á bolsa"
8. Aprobación, se procede, das taxas dos seguintes cursos:
  - I Curso complementario en "Crafting goods communication skills: talks & posters"
  - I Curso complementario de "Utilización de información medioambiental"
  - II Curso complementario en "Competencias transversais para o futuro laboral"
  - I Curso de especialista en "Dereito laboral e da seguridade social"
  - I Curso de especialista internacional en "Termalismo e spa"
  - II Curso de formación en "Mediación civil e mercantil"
  - III Curso de formación en "Javascript para aplicacións web e móbiles"
  - VII Curso de formación en "Deseño, programación e administración de bases de datos"
  - VII Curso de formación en "Programación Java"
  - VIII Curso de formación en "Didáctica da ficción e creación literaria"
  - VIII Curso de formación en "Estatística avanzada con R para profesionais da saúde"
  - XVI Curso de formación en "O IVE na fiscalidade empresarial. Edición 2021"

Sen entregar a Memoria final da edición anterior:

  - XIX Curso de Máster/especialista en "Auditoría e contabilidade"
9. Informe sobre as Memorias finais dos seguintes cursos:
  - a) Con aprobación previa do presidente:
    - VI Curso de especialista en "Dirección de loxística e produción"
    - I Curso de especialista en "Electrónica para compoñentes de automoción"
    - VII Curso de formación en "Didáctica da ficción e creación literaria"
    - VIII Curso de formación en "Estatística con R para profesionais da saúde"
    - X Curso de formación en "Estatística con R para investigadores"
    - I Curso de especialista en "Desenvolvemento de software e negocio dixital"
    - I Curso de especialista en "Tecnoloxías de quinta xeración (5G)"
    - VI curso de formación en "Programación Java"



- b) Sen aprobación previa do presidente:
- I Curso complementario en "Competencias transversais para o futuro laboral"
  - II Curso de formación en "Javascript para aplicacións web e móbiles"
  - VI Curso de formación en "Deseño, programación e administración de bases de datos"
10. Aprobación, se procede, dos prezos dos complexos residenciais da UVigo para estudantes, no curso 2021/2022. (C.G. 12.03.2021).
  11. Aprobación, se procede, dos prezos públicos para o Campus Camp 2021, previstos nos tres Campus entre o 23 de xuño e o comezo do curso escolar en Educación primaria.
  12. Delegación no presidente do Consello Social da aprobación, se fose preciso, das taxas dos cursos de Extensión universitaria 2021 a impartir nos Campus de Ourense, Vigo e Pontevedra, das que dará conta ao Pleno.
  13. Incorporación de remanente libre para estadias investigadoras.
  14. Aprobación, se procede, da incorporación da UVigo á agrupación sen ánimo de lucro "SIGMA-AIE". (C.G. 29.04.2021).
  15. Aprobación, se procede, da participación da UVigo no Consorcio Centro de investigación e tecnoloxía matemática de Galicia (CITMAga). (C.G. 29.04.2021).
  16. Informe que proceda sobre a creación do Centro interuniversitario ECOBAS. (C.G. 14.05.2021).
  17. Informe sobre a modificación parcial da Relación de Postos de Traballo (RPT) do PAS laboral da UVigo. (C.G. 14.05.2021).
  18. Rogos e preguntas.
- 

*Agradece o presidente a asistencia dos presentes, e amosa o desexo de poder recuperar a normalidade e as reunións presenciais do pleno canto antes, o que subscriben os asistentes.*

### **PUNTO 1**

*Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (21.10.2020).*

- ***Apróbase por asentimento.***

### **PUNTO 2**

*Informe do presidente.*

Subliña Ernesto Pedrosa o dinamismo que amosa a UVigo, tal e como reflicten os últimos puntos da orde do día, e introduce a David Basalo agradecéndolle a comparecencia e o traballo que está a facer no ámbito da transparencia, situando á UVigo no primeiro posto das universidades españolas. A este respecto dá conta da implicación do Consello Social no cumprimento dos indicadores requiridos para a elaboración do ranking da Fundación Compromiso e Transparencia, apuntando que estase a traballar na elaboración do último documento pendente de entrega que é o informe sobre actividades, que ven a substituír ao informe de control, e que estará listo para a próxima revisión dos auditores.

### **PUNTO 3**

*Informe sobre o nivel de transparencia da UVigo en 2019, e a aportación do Consello Social. Comparecencia do coordinador da Unidade de análises e programas da UVigo.*

David Basalo agradece a invitación do Consello Social e presenta un resumo do informe que recoñece á UVigo entre as máis transparentes das universidades españolas. "E un bo xeito de render contas á sociedade", apunta o coordinador da Unidade de Análises e programas. Dá conta do valor e



dos esforzos en pro da Transparencia na UVigo –“a única que publica un informe detallado e propio sobre a transparencia”- e explica a evolución nos diferentes rankings e o traballo de mellora feito ao longo de 2020, así como as previsión de melloras en 2021 “co obxectivo de que poidamos cumprir o 100% dos indicadores” que require Fundación Compromiso e Transparencia (FCeT), organización que elabora o ranking máis acreditado neste campo. Neste senso apunta a implicación e aportación do Consello Social, coa creación dun apartado específico na súa web e a incorporación de informes que contribuíron a que a UVigo mellorase as súas posición. Lembra, así mesmo, que está pendente un informe de actividades que completará as aportacións do Consello Social. Basalo remata agradecendo a intervención e receptividade do secretario do Consello Social, e o apoio do equipo de goberno.

Pola súa banda, o secretario, Ignacio Rodríguez, engade que a axuda de Basalo foi fundamental para que o Consello Social desenvolvese unha “intensa colaboración en breve espazo de tempo”, e sinala que o informe pendente estase a elaborar e estará entregado antes de que a FCeT faga a próxima avaliación.

Natalia Zunzunegui valora a importancia da presentación e agradece a Basalo o esforzo que está a facer a UVigo polo volume de información que proporciona e o xeito en que a facilita, cualificándoo de modelo para outras organización “pola súa accesibilidade”. Javier Garrido, na mesma liña, ve un traballo “relevante”, insta a que se dean todas as facilidades posibles para seguir a facer esta labor e recomenda que se dea a coñecer e se difunda.

Pecha este punto o presidente amosando a súa satisfacción polo compromiso coa transparencia que amosa a UVigo e pola súa “excelente” posición no contexto nacional. Agradece tamén a labor do secretario neste escenario, que fai extensiva á xestión do día a día da secretaría e mesmo a unha actividade pouco valorada como é a redacción das actas.

- ***A Comisión dáse por informada e agradece a presenza de David Basalo.***

#### **PUNTO 4**

*Informe que proceda sobre doazóns bibliográficas á UVigo durante 2020, se houberse.*

Afirma Ernesto Pedrosa que este punto incorporase como seguimento dunha competencia do Consello Social que se revisa anualmente, non habendo en 2020 ningunha novidade, consonte informe do director da Biblioteca.

- ***A Comisión dáse por informada.***

#### **PUNTO 5**

*Novo Regulamento dos programas de formación permanente da UVigo.*

Introducido este punto, intervén o secretario para destacar que o novo regulamento que se está a tramitar e que entrará en vigor no próximo curso, pon fin a unha normativa de 16 anos durante os que o Consello Social actuou intensivamente no control e na revisión das pautas nas que se desenvolvían os títulos propios da UVigo. Lembra as incompreensións e os desafectos que produciron algunhas das súas intervencións, e, do mesmo, xeito, o apoio firme dos sucesivos reitores ante estas situacións. Ignacio Rodríguez afirma que remata unha etapa e comeza outra acorde aos novos tempos e cunha estrutura operativa que a UVigo precisaba e que ofrece as suficientes garantías para acadar o impulso, a calidade e a axilidade que esixen os retos e as capacidades actuais. Subliña que o Consello Social seguirá a fixar os prezos da matrícula dos títulos propios para cada curso académico, tal e como se recolle na LOU e na Lei do SUG.

Natalia Zunzunegui solicita que se lle dea a máxima publicidade posible á Escola aberta de formación permanente. O reitor dá conta dos aspectos máis destacados do novo Regulamento, e as características principais dos programas de formación permanente que proxecta a UVigo.

- ***A Comisión dáse por informada.***



## **PUNTO 6**

*Revisión das taxas da VI edición do curso de formación en "Deseño, programación e administración de bases de datos", aprobado pola COAP o 21.12.2019 e non remitido ao Consello Social.*

O secretario explica a incidencia pola que non se remitiu no seu momento ao Consello Social dende Posgraio a proposta de aprobación das taxas, antes de iniciarse o curso, do que nesta mesma sesión se presenta para aprobación a correspondente á VII edición.

- ***A Comisión dá o visto e prace.***

## **PUNTOS 7 e 8**

Supervisión, se procede, das taxas dos seguintes cursos:

- I Curso complementario en "Eficiencia enerxética e enerxías renovables no sector marítimo"
- I Curso complementario en "New trends in aquaculture research"
- III Curso de formación en "Data Mining con R"
- IV Curso de formación en "Advanced Trading"
- X Curso de formación en "Control estatístico de calidade con R"
- XVIII Curso de formación en "Introdución á bolsa"

Aprobación, se procede, das taxas dos seguintes cursos:

- I Curso complementario en "Crafting goods communication skills: talks & posters"
- I Curso complementario de "Utilización de información medioambiental"
- II Curso complementario en "Competencias transversais para o futuro laboral"
- I Curso de especialista en "Dereito laboral e da seguridade social"
- I Curso de especialista internacional en "Termalismo e spa"
- II Curso de formación en "Mediación civil e mercantil"
- III Curso de formación en "Javascript para aplicacións web e móbiles"
- VII Curso de formación en "Deseño, programación e administración de bases de datos"
- VII Curso de formación en "Programación Java"
- VIII Curso de formación en "Didáctica da ficción e creación literaria"
- VIII Curso de formación en "Estatística avanzada con R para profesionais da saúde"
- XVI Curso de formación en "O IVE na fiscalidade empresarial. Edición 2021"

Sen entregar a Memoria final da edición anterior:

- XIX Curso de Máster/especialista en "Auditoría e contabilidade"

Revisadas as propostas presentadas, e co correspondente informe de secretaria no que non se detectan incidencias, a Comisión ACORDA:

- ***Aprobar as taxas dos seguintes cursos:***

I Curso complementario en "Eficiencia enerxética e enerxías renovables no sector marítimo"; I Curso en "New trends in aquaculture research"; III Curso de formación en "Data Mining con R"; IV Curso de formación en "Advanced Trading"; X Curso de formación en "Control estatístico de calidade con R"; XVIII Curso de formación en "Introdución á bolsa"; I Curso complementario en "Crafting goods communication skills: talks & posters"; I Curso complementario de "Utilización de información medioambiental"; II Curso complementario en "Competencias transversais para o futuro laboral"; I Curso de especialista en "Dereito laboral e da seguridade social"; I Curso de especialista internacional en "Termalismo e spa"; II Curso de formación en "Mediación civil e mercantil"; III Curso de formación en "Javascript para aplicacións web e móbiles"; VI e VII do Curso de formación en "Deseño, programación e administración de bases de datos"; VII Curso de formación en "Programación Java"; VIII Curso de formación en "Didáctica da ficción e creación literaria"; VIII Curso de formación en "Estatística avanzada con R para profesionais da saúde"; XVI Curso de formación en "O IVE na fiscalidade empresarial. Edición 2021"; XIX Curso de Máster/Especialista en "Auditoría e contabilidade".



## **PUNTO 9**

*Informe sobre as Memorias finais dos seguintes cursos:*

- a) *Con aprobación previa do presidente:*
- *VI Curso de especialista en "Dirección de loxística e produción"*
  - *I Curso de especialista en "Electrónica para compoñentes de automoción"*
  - *VII Curso de formación en "Didáctica da ficción e creación literaria"*
  - *VIII Curso de formación en "Estatística con R para profesionais da saúde"*
  - *X Curso de formación en "Estatística con R para investigadores"*
  - *I Curso de especialista en "Desenvolvemento de software e negocio dixital"*
  - *I Curso de especialista en "Tecnoloxías de quinta xeración (5G)"*
  - *VI curso de formación en "Programación Java"*
- b) *Sen aprobación previa do presidente:*
- *I Curso complementario en "Competencias transversais para o futuro laboral"*
  - *II Curso de formación en "Javascript para aplicacións web e móbiles"*
  - *VI Curso de formación en "Deseño, programación e administración de bases de datos"*

Á vista da documentación que se achega, e revisados os informes elaborados polos servizos competentes, a Comisión ACORDA:

• ***Informar favorablemente as seguintes Memorias finais:***

VI Curso de especialista en "Dirección de loxística e produción"; I Curso de especialista en "Electrónica para compoñentes de automoción"; VII Curso de formación en "Didáctica da ficción e creación literaria"; VIII Curso de formación en "Estatística con R para profesionais da saúde"; X Curso de formación en "Estatística con R para investigadores"; I Curso de especialista en "Desenvolvemento de software e negocio dixital"; I Curso de especialista en "Tecnoloxías de quinta xeración (5G)"; VI curso de formación en "Programación Java"; I Curso complementario en "Competencias transversais para o futuro laboral"; II Curso de formación en "Javascript para aplicacións web e móbiles"; VI Curso de formación en "Deseño, programación e administración de bases de datos".

## **PUNTO 10**

*Aprobación, se procede, dos prezos dos complexos residenciais da UVigo para estudantes, no curso 2021/2022. (C.G. 12.03.2021).*

Dá conta o presidente da proposta, resumida en que para o vindeiro curso mantéñense os prezos actuais.

• ***Apróbase a proposta.***

## **PUNTO 11**

*Aprobación, se procede, dos prezos públicos para o Campus Camp 2021, previstos nos tres Campus entre o 23 de xuño e o comezo do curso escolar en Educación primaria.*

Ao igual que no punto anterior, o presidente explica que os prezos son os mesmos que os aplicados na última edición.

• ***Apróbase por asentimento.***

## **PUNTO 12**

*Delegación no presidente do Consello Social da aprobación, se fose preciso, das taxas dos cursos de Extensión universitaria 2021 a impartir nos Campus de Ourense, Vigo e Pontevedra, das que dará conta ao Pleno.*

Comenta Ernesto Pedrosa que o peche do programa de cursos de Extensión Universitaria e os prazos de matrícula previstos nos tres Campus terán un calendario moi axustado en canto a súa



indefinición de datas e á brevidade, polo que ao ser preceptivo que o Consello Social aprobe os prezos, propónse a delegación, a fin de non demorar o trámite e causar un retraso indesexable no inicio dos cursos. No caso de usar a delegación, comprométese a informar no primeiro pleno.

- ***A Comisión dá a conformidade.***

### **PUNTO 13**

*Incorporación de remanente libre para estadias investigadoras.*

Introducido este punto polo presidente, o reitor amplía a información e aclara as circunstancias. A preguntas de Javier Garrido, Manuel Reigosa confirma que tanto as dotacións como as partidas están perfectamente comprobadas e conformes.

- ***Apróbase para informe ao Pleno.***

### **PUNTO 14**

*Aprobación, se procede, da incorporación da UVigo á agrupación sen ánimo de lucro "SIGMA-AIE". (C.G. 29.04.2021).*

Aclara o reitor os obxectivos e a achega, subliñando que o primeiro encargo será a adaptación dun software para a xestión da Escola Aberta de Formación Permanente, que de facelo internamente na UVigo precisaría de moitos meses. Engade que a partir da achega que dará a UVigo, poderase utilizar a Agrupación para calquera necesidade nese campo, coa vantaxe de que ante calquera cambio ministerial as adaptacións faranse de xeito inmediato. Ante a pregunta de Javier Garrido de se a aportación do 1% é suficiente, Manuel Reigosa responde que é suficiente para estar na Agrupación e ser socios a todos os efectos, e abunda en que nas comisión de traballo cada socio é un voto.

- ***Apróbase para informe ao Pleno.***

### **PUNTO 15**

*Aprobación, se procede, da participación da UVigo no Consorcio Centro de investigación e tecnoloxía matemática de Galicia (CITMAga). (C.G. 29.04.2021).*

De novo o reitor desenvolve a presentación feita polo presidente, cualificando esta participación de "boa iniciativa" para a UVigo e para "os nosos investigadores". Amosase convencido de abrir vías de colaboración máis que de competencia coas outras universidades, e subliña que o novo Consorcio, que se situará en Santiago de Compostela, permitirá competir a nivel nacional e internacional indo xuntos.

- ***Apróbase para informe ao Pleno.***

### **PUNTO 16**

*Informe que proceda sobre a creación do Centro interuniversitario ECOBAS. (C.G. 14.05.2021).*

Ernesto Pedrosa resume os antecedentes e o contexto, con mención expresa ao nivel de captación de recursos acadados no período 2017-2020 e ás previsión de ingresos para 2021-2024 que oscilan entre os 9,6M€ e os 12,8M€. Así mesmo, advirte como de especial interese a incorporación da posibilidade de micromecenado, máis pola súa presenza que pola previsión cuantitativa que comporta. O reitor incide na gran importancia deste paso e augura "moito éxito" a este Centro, que estará situado na Facultade de Económicas do Campus de Vigo, porque permitirá captar talento e atraerá aos mellores investigadores de Santiago e de A Coruña.

- ***Apróbase para informe ao Pleno.***



### **PUNTO 17**

*Informe sobre a modificación parcial da Relación de Postos de Traballo (RPT) do PAS laboral da UVigo. (C.G. 14.05.2021).*

Expóñense as liñas básicas da proposta que se presenta, e prodúcense intervencións con distintas reflexións e aclaracións, entre elas o feito de ter pasado por Consello de Goberno sen ningún voto en contra.

- ***Apróbase para informe ao Pleno.***

### **PUNTO 18**

*Rogos e preguntas.*

Interésase Javier Garrido pola posición e a actividade e a posible presenza da UVigo respecto dos Fondos Next Generation. Explica o reitor que estase aínda nun escenario de incerteza no que só parece claro que haberá unha parte destinada ás universidades para dixitalización e que se espera unha convocatoria para competir por eses fondos. A maiores, Reigosa menciona que se presentaron algunhas propostas iniciais nas que a UVigo será un socio máis que "acompañará, aportará e suxerirá". Refire finalmente convocatorias específicas a nivel estatal nos campos da investigación mariña e da comunicación cuántica, xa aprobadas en primeira fase, nas que tamén participará a UVigo xunto con outros centros e universidades. Subliña que a UVigo está preparada para empezar a traballar tan pronto reciban luz verde.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 14:10 horas do 19 de maio de 2021, da que eu como secretario dou fe, co visto e prace do presidente.

Vº. e pr.,

O presidente da Comisión Executiva,

O secretario,

Ernesto Pedrosa Silva

Ignacio Rodríguez Iglesias